VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2026, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Touro (expediente IN407A 2026/208-1).

Expediente: IN407A 2026/208-1.

Promotora: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación do proxecto: Proxecto para LMTS, CTC, RBTS rúa Isabel II, núm. 21, lugar de Fonte Díaz (Touro).

Concello: Touro.

Feitos:

1. O día 30.7.2026, a empresa promotora solicitou a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción do proxecto de execución da instalación de distribución eléctrica mencionada, co obxecto de incrementar a potencia do CTI Grupo Escolar (15A079) para atender a subministración eléctrica existente dunha vivenda, cunha potencia total solicitada de 30 kW.

Ao abeiro do artigo 123 do Real decreto 1955/2000, presentan o proxecto de execución denominado Proxecto para LMTS, CTC, RBTS rúa Isabel II, núm. 21, lugar de Fonte Díaz (Touro), asinado o día 22.4.2026 por Antonio Javier Sabín Vázquez, enxeñeiro técnico industrial eléctrico, núm. colexiado 2.233.

2. O proxecto non se someteu ao trámite de información pública, segundo o artigo 50 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro).

3. Consonte o artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, solicitouse o informe preceptivo ao Concello de Touro como entidade afectada. A empresa promotora manifestou a súa conformidade cos informes emitidos no prazo outorgado para ese efecto.

4. O día 15.10.2026 emitiuse o informe técnico.

CVE-DOG: ffwcce82-irf0-e6e4-ewv5-xo3bm4ytrqw5

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. O director territorial é competente para resolver este expediente, ao abeiro do disposto no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 22, do 1 de febreiro), e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Segunda. *Lexislación de aplicación*

– Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

– Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

– Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

– Real decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-RAT 01 a 23.

– Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

– Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro).

Terceira. *Características técnicas*

As instalacións obxecto deste expediente están situadas na rúa Isabel II, lugar de Fonte Díaz, concello de Touro, e as súas características técnicas son as seguintes:

– CT de tipo prefabricado rural de manobra exterior con envolvente de formigón de 250 kVA con beirarrúa perimetral de 4,1 m de lado. As celas serán tipo compactas con corte en SF6.

CVE-DOG: ffwcce82-irf0-e6e4-ewv5-xo3bm4ytrqw5

– Desmontaxe dun van de 45 m da LMTA POR809 que fornece o CTI que se retira.

– Retirada do apoio (núm. AKGVJE96//72-1CT) onde está instalado o CTI que é substituído.

– LMTS de 67 m con condutor tipo RHZ1-2OL 12/20 kV 3×(1×150) entre o apoio existente AKHH0VK0//72 e o novo CT. Instalación de autoválvulas neste apoio (frecuentado), un paso aéreo a subterráneo e forrado antiescalamento illante.

Cuarta. No expediente consta un informe favorable dos servizos técnicos deste departamento territorial.

De acordo con todo o exposto,

RESOLVO:

A) Conceder a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción para a dita instalación de distribución eléctrica.

B) A instalación executarase no prazo de dous anos, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

C) Para a posta en funcionamento da instalación autorizada, deberá achegar ante este departamento territorial unha solicitude á cal xuntará a seguinte documentación:

– As declaracións de conformidade relativas ao material ou equipamento e as certificacións ou homologacións, se procede.

– Un certificado do/da director/a da montaxe en que se garantirá o cumprimento das especificacións do proxecto e das prescricións complementarias, se as houber, así como das regulamentacións e normas axeitadas para a montaxe da instalación e posta a punto.

– Planimetría *as built* da instalación eléctrica en formato *shape*.

D) Esta aprobación outórgase sen prexuízo doutras que sexan de aplicación segundo a lexislación vixente, en especial no relativo á ordenación do territorio e ao ambiente.

O incumprimento das condicións e requisitos establecidos nesta resolución ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar

CVE-DOG: ffwcce82-irf0-e6e4-ewv5-xo3bm4ytrqw5

á súa revogación, logo de audiencia ao interesado, segundo o establecido no artigo 53.10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Contra esta resolución, que non é definitiva na vía administrativa, poderase interpor un recurso de alzada perante a consellería de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro recurso que consideren pertinente.

Mediante este documento notifícaselles ás persoas interesadas esta resolución, segundo o exixido no artigo 40.1 da dita Lei 39/2015.

A Coruña, 16 de outubro de 2026

O director territorial da Coruña
P.A. (Artigo 40 do Decreto 140/2024, do 20 de maio;
DOG núm. 101, do 27 de maio)
Lourdes Fernández Parajes
Xefa do Servizo de Industria

CVE-DOG: ffwcce82-irf0-e6e4-ewv5-xo3bm4ytrqw5